

A CIG-Ensino demanda ao Ministerio que negocie canto antes as titulacións de acceso ás especialidades de FP

A regulación das titulacións equivalentes a efectos de docencia para o ingreso nas especialidades até agora do corpo de PTFP é necesaria para os procesos selectivos que se convocarán neste ano 2022



O sindicato maioritario do ensino público en Galiza, á espera de que se produza a convocatoria da Mesa Docente solicitada por escrito o día 21 de marzo, e unha vez que se aprobou no Senado a LOFP, solicita que nesa proposta ministerial se incorpore a determinación das titulacións declaradas equivalentes a efectos de docencia para o ingreso nas diferentes especialidades vinculadas á Formación Profesional, tanto as que se integran no corpo de PES como as que pasan a formar parte do novo corpo de Profesorado Especialista en Sectores Singulares da FP. Así o fai constar Suso Bermello,

o secretario nacional da CIG-Ensino, nun escrito dirixido ao Secretario Xeral Técnico do Ministerio de Educación e Formación Profesional á Secretaria Xeral de Formación Profesional.

O profesorado interino actual e as persoas que queiran acceder á función pública docente, precisan que esa regulación estea aprobada canto antes, xa que de non ser así, poñeríase en perigo a convocatoria dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021 para todas as novas especialidades do corpo extinguido de PTFP e que, en todo caso, deben publicarse antes de finalizar o ano 2022.

A posición da CIG-Ensino

A proposta do Ministerio de Educación é imprescindible para despegar calquera dúbida sobre as titulacións coas que se permita opositar ou continuar nas listas de contratación. A posición do sindicato, como xa lle consta ao ministerio, é clara: non se pode limitar a continuidade de quen veu desempeñando o seu traballo na FP, polo que se debe garantir, como mínimo, que as titulacións actualmente declaradas equivalentes a efectos de docencia se manteñan como válidas, con independencia de que se poidan incorporar outras melloras no proceso de negociación. Deste xeito, as diplomaturas e equivalentes nas especialidades que

pasan ao corpo de PES, recollidas no actual Anexo V do RD 276/2007, e as titulacións de técnico superior de FP para as especialidades que pasan ao corpo de PESSFP, actualmente recollidas no Anexo VI, deben de seguir estando viventes.

A CIG-Ensino tampouco se esquece daquel profesorado interino das especialidades que se integran no corpo de PES e que carecen da titulación declarada equivalente a efectos de docencia. O sindicato considera a necesidade de establecer un réxime transitorio durante o cal se poida acceder coa mesma titulación coa que se podía acceder ao corpo de PTFP, vinculado a unha experiencia docente neste corpo.

ESPECIALIDADES QUE PASAN A INTEGRARSE NO CORPO DE PES

- Equipos electrónicos.
- Instalación e mantemento de equipos térmicos e de fluídos.
- Instalacións electrotécnicas.
- Instalacións e equipos de cría e cultivo.
- Laboratorio.
- Máquinas, servizos e produción.
- Oficina de proxectos de construción.
- Oficina de proxectos de fabricación mecánica.
- Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios.
- Operacións de procesos.
- Operacións e equipos de produción agraria.
- Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico.
- Procedementos sanitarios e asistenciais.
- Procesos comerciais.
- Procesos de xestión administrativa.
- Produción téxtil e tratamentos físico-químicos.
- Servizos á comunidade
- Sistemas e aplicacións informáticas.
- Técnicas e procedementos de imaxe e son.

ESPECIALIDADES QUE PASAN A INTEGRARSE NO CORPO DE PESSFP

- Cociña e pastelería.
- Estética.
- Fabricación e instalación de carpintería e moble.
- Mantemento de vehículos.
- Mecanizado e mantemento de máquinas.
- Patronaxe e confección.
- Peiteado.
- Produción en artes gráficas.
- Servizos de restauración.
- Soldadura.

O sindicato, que considera que a integración debe ser canto antes para quen reúna os requisitos co novo texto da LOFP, reitera as súas demandas para evitar a discriminación do profesorado a quen non se lle permita a integración.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal